| | |
|---|---|
| **Comunidade Autónoma / Departamento / Estado** | GALICIA |
| **Municipio** | A ESTRADA |
| **Edificio** | Igrexa de San Pedro de Orazo |
| **Dirección** | Lugar da Igrexa, s/n. 36588 |
| | 42.739096 -8.354089 |
| **Protección** | |
| **Descricion** | A igrexa de Orazo é resultado da execución de diferentes etapas construtivas. A primeira campaña daría orixe a un templo prerrománico, datado en torno ao século X, do que se conserva unha peza alongada a modo de lintel sobre a porta da sancristía con decoración de sogueado (Segundo Yzquierdo Perrín, o fragmento citado podería formar parte dunha mesa de altar, como no caso de Santa María do Naranco).<br><br>Nunha etapa posterior, levaría a cabo unha importante reforma, na que, partindo dos cimentos da anterior, construíuse un novo templo románico, doado a Santiago en 1115 pola raíña Dona Urraca, e do que aínda se manteñen interesantes vestixios nos seus muros, entre eles, quedan seis canterías con inscricións, estudadas por Fermín Bouza Brey nos seus Epígrafes Medievaes da Eirexa de Ourazo.<br><br>Finalmente, xa en época moderna, efectuaríase a actual fachada occidental coa poderosa torre-campanario que a remata, construída no estilo denominado “barroco compostelán”.<br><br>Terra de mestres fundidores de campás que viviron e tiveron o seu obradoiro nesta freguesía como, Juan Manuel de la Vega, Francisco de la Vega, Pedro Hontañón, Juan Liste Pereiras e o seu fillo, José Liste Villanueva. |
| **Campás** | 3 campás. |
| **Fotos** | 3 |
| **Toques actuais de campás** | |
| **Conservación, mantemento** | |
| **Propostas** | |
| **Autors da documentación** | TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK) |
| **Data** | 09-01-2024 |

## Campás actuais

| Localización | Campá | Fundidor | Ano de fundición | Diámetro (en cm) | Peso |
|---|---|---|---|---|---|

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Torre-campanario | Menor. | TABOADA PORTAS, FIDEL (MONEIXAS) | 1967 | 60 | 125 |
| Torre-campanario | Mediana. | HONTAÑÓN HAZA, PEDRO (1795-1876) | 1848 | 70 | 199 |
| Torre-campanario | Maior. | LISTE VILLANUEVA, JOSÉ (PARROQUIA DE ORAZO) | 1913 | 100 | 579 |

Información completa: Igrexa de San Pedro de Orazo - A ESTRADA (GALICIA)

PDF (25-05-2026)